



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 5 DE XUÑO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día cinco de xuño do ano dous mil trece, tivo lugar en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida **polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Non asiste o Sr. Español Otero.

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 20 de maio de 2013 relativo á axuda económica por emerxencia social para o pago de unha factura de Gas Natural Fenosa de S.A.G.P.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dito gasto con cargo a Emerxencia Social deste Concello.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 3 de xuño de 2013 relativo á axuda económica por emerxencia social para o pago de dúas facturas de Gas Natural Fenosa de L.M.C.R.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dito gasto con cargo a Emerxencia Social deste Concello.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 2.730 de data 27 de maio de 2013 presentado por D^a. J.A.M.G., con enderezo na rúa de 1^a Transv. Aloqueiro, nº 21 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa 1^a Transv. Aloqueiro, nº 21.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda denegar a súa solicitude posto que os ingresos obtidos da declaración da renda da unidade familiar superan, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional.

Visto o escrito RE 2.990 de data 5 de xuño de 2013, presentado por D. JOSÉ ANTONIO TRINIDAD RODRÍGUEZ no que solicita autorización para a instalación dunha terraza de 4 m² para o kiosco de temporada de verán que ten adxudicado na Praia do Muiño, e considerando que esa ocupación foi aprobada dentro do Plan de ocupacións de servizos de temporada 2013, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Informar favorablemente á ocupación pretendida por D. José Antonio Trinidad Rodríguez de 4 m² anexos ó kiosco concedido na Praia do Muiño.
- 2.- Enviar dita solicitude ó Servizo Provincial de Costas para a aprobación desta modificación do Plan de Ocupación con instalacións de temporada 2013 do Concello da Guarda e para a correspondente liquidación complementaria.
- 3.- Dar traslado da aprobación desta ocupación ós servizos económicos do Concello para que repercutan no solicitante a liquidación complementaria.

Lese o escrito RE 2.773 de data 28 de maio de 2013, presentado por D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE, con enderezo na rúa do Porto, nº 56 da Guarda, mostrando o seu malestar polo mal uso da zona peatonal da rúa do Porto e solicitando que se xestione coa entidade PORTOS DE GALICIA unha solución para evitar o abuso na circulación de vehículos por esa zona. Asimesmo solicita que se lle comunique aos veciños e propietarios de negocios desa rúa a limitación da circulación ao estrictamente necesario así como a prohibición de estacionar.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que esta problemática xa foi tratada co presidente de Portos de Galicia e que lle foi remitido un proxecto que, de ser implantado por Portos, só permitiría un tránsito restrinxido na zona peonil. En canto á prohibición de estacionar en dita zona peonil e á capacidade de sancionar, as competencias, como ben sabe, son de Portos de Galicia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 2.839 de data 30 de maio de 2013, presentado por ASOCIACIÓN RECREATIVA CICLISMO OIENSE, con enderezo na Praza da Centinela, s/n -1º de Oia, solicitando a colaboración da Policía Local e Protección Civil para o desenvolvemento da I Marcha Cicloturista do Baixo Miño -Val Miñor o día 28 de xuño de 2013 que vai transitar, entre outros, por este Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado dando traslado deste escrito á Policía Local.

Lese o escrito RE 2.880 de data 31 de maio de 2013, presentado por COMISIÓN DE FESTAS DE SAN ANTONIO DA GUARDA, solicitando permiso para levar a cabo as tiradas de fogos de artificio revistas para os días 7, 13, 15 e 16 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado sen perxuízo de outras autorizacións sectoriais.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de maio de 2013 cuio importe total ascende a cantidade de 905,25 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de MAIO DE 2013 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Vista a proposta da Concellalia de Deportes a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as seguintes modificacións nas bases que regulan o CAMPUS MULTIDEPORTE:



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Aplicaranse uns descontos para favorecer a participación dos irmáns de tal xeito que os prezos finais serán

	INDIVIDUAL	2 IRMÁNS	3 IRMÁNS
1 SEMANA	60,00 €	100,00 €	150,00 €
2 SEMANAS	100,00 €	160,00 €	240,00 €

Ademais, é necesario engadir nas bases que a participación nas dúas semanas será posible solo se houberse prazas dispoñibles, para de este modo facilitar a participación do maior número de xente posible.

Visto o Convenio de colaboración que promove a Deputación Provincial de Pontevedra para a coordinación do Cofinanciamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o ano 2013 e visto o orzamento de gasto total dos referidos servizos,

A Xunta de Goberno Municipal acorda asinar o referido convenio e aprobar a achega municipal por importe de 20.881,29 euros (vinte mil oitocentos oitenta e un euros con vinte e nove céntimos)

Na sesión da Xunta de Goberno Local de data 16 de maio de 2013 tomouse o acordo que literalmente di:

Vista a Orde de 3 de maio de 2013 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2013, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda:


Acollerse a dita orde e solicitar esta subvención para os seguintes programas

Obra ou servizo	Nº de postos	Tempo de contratación
SOCORRISMO EN PRAIAS	7 SOCORRISTAS 1 PATRÓN EMBARCACIÓN	3 MESES
SERVIZOS VARIOS	5 PEÓNS	6 MESES
AUXILIAR CULTURA	1 AUXILIAR	3 MESES



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Examinadas as bases da convocatoria, a Xunta de Goberno Local acorda cambiar a solicitude respecto do servizo de "SOCORRISMO EN PRAIAS" que se solicitará pola modalidade de CONTRATACIÓN ANTICIPADA, quedando do xeito que sigue:

Obra ou servizo	Nº de postos	Tempo de contratación
SOCORRISMO EN PRAIAS	6 SOCORRISTAS 1 PATRÓN EMBARCACIÓN	2,5 MESES

PUNTO 2.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisa-lo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A., R.E. Nº. 4.861 DE DATA 30 DE XULLO DE 2012, E CON DOMICILIO NA TRAVESIA DE VIGO Nº. 204 DE VIGO-C.P. 36207, PARA INSTALAR LIÑA DE MEDIA TENSIÓN SUBTERRÁNEA A 20 KV CON CONDUCTOR RHZ1 DE 21 MTS. DE LONXITUDE E CENTRO DE TRANSFORMACIÓN DE 400 KVA., E DESMONTAR REDE AÉREA EXISTENTE E CENTRO DE TRANSFORMACIÓN Á INTEMPERIE (SEIXIÑOS), SITUADO EN A GÁNDARA DA PARROQUIA DE SALCIDOS. OBRA: LMT CT XEIXIÑOS (Nº. SGD: 534107110001).


A D^a. ANTONIA PREGAL GONZÁLEZ, R.E. Nº. 2.543 DE DATA 16 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TRANSVERSAL TRONCOSO Nº. 3-BAIXO (EDIFICIO XARDIN) DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA COLOCACIÓN DE PLAQUETA NA COCIÑA SOBRE PISO EXISTENTE, ALICATADO DE CUARTO DE BAÑO SOBRE O EXISTENTE E CAMBIO DE TUBERÍAS E DESAUGADOIROS, SITO NA RÚA DE TRANSVERSAL TRONCOSO Nº. 3-BAIXO (EDIFICIO XARDIN), EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

O LOCAL SÓ SE PODRÁ DESTINAR AOS USOS AUTORIZADOS NA ORDENANZA DE APLICACIÓN PREVIA LICENCIA DE APERTURA, DECLINANDO O CONCELLO DE CALQUERA RESPONSABILIDADE SENÓN SE PUIDERÁ DESTINAR A ALGÚN USO DOS PRETENDIDOS.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



A D. RAMÓN GUI SANTES ALONSO, R.E. Nº. 2.566 DE DATA 20 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE NETOS Nº. 18 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REPARAR A FACHADA NUNHA SUPERFICIE DE 40,00 M². CONSISTENTE EN PICADO DE PLAQUETA PARA POSTERIOR ENLUCIDO CON MORTERO DE CEMENTO E PINTADO POSTERIOR DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE NETOS Nº. 18, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CIVIDÁNS" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D^a. CELIA ALONSO MARTÍNEZ, R.E. Nº. 2.332 DE DATA 7 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE IREIRA Nº. 5-1º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR FENDAS DA FACHADA CON DESCUBRIMENTO DE ARMADURAS E RECUBERTO CON MORTERO, E ALISADO E PINTADO DE COTEGRAN NUNHA SUPERFICIE DE 155 M². DA EDIFICACIÓN SITA NA PRAZA DE SAN BENITO Nº. 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. JESÚS LOMBA FRANCO, R.E. Nº. 1.544 DE DATA 25 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE IREIRA Nº. 7 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR FENDAS DA FACHADA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE IREIRA Nº. 7, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).


A TRASIL INVERSIÓNS, S.L., R.E. Nº. 2.410 DE DATA 9 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE OIA Nº. 12-4º G DE TUI-C.P. 36700, PARA REFORMAS INTERIORES CONSISTENTES EN SUBSTITUCIÓN DE PAVIMENTOS E ALICATADOS DE COCIÑAS E BAÑOS, SUBSTITUCIÓN DE FALSOS TEITOS DE ESCAIOLA, SUMINISTRO E COLOCACIÓN DE LOUZA SANITARIA PARA BAÑOS E GRIFERÍA, PINTADO DE COCIÑAS E BAÑOS, E COLOCACIÓN DE PORTAS DE SEGURIDADE EN ENTRADA A VIVENDAS DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE CIRCUNVALACIÓN Nº. 1, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "EDIFICIO MANUEL ÁLVAREZ Nº. 6", R.E. Nº. 2.626 DE DATA 22 DE MAIO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ Nº. 6 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN COLOCAR TELLA CURVA BERMELLA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS DE ACEIRO E ESPUMA SOBRE URALITA EXISTENTE, CON REMATE DE ENCHAPADOS E CUMIOS E PINTADO DA



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



URALITA MINIONDA; E PICADO DE PLAQUETA EN TERRAZAS CON COLOCACIÓN DE OUTRA NOVA NUNHA SUPERFICIE DE 64,00 M²., DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ N^o. 6, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^o. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 3.- SOLICITUDE DE DECLARACIÓN FORA DE ORDENACIÓN

Dase conta do escrito RE 6.971 de data 16 de novembro de 2011, presentado or D. MANUEL ALVAREZ CARRERO, con enderezo na rúa Campo do Lago, n^o 4 – A Gándara da Guarda, solicitando a declaración de incursión en situación de fóra de ordenación dunha vivenda unifamiliar sita en Campo do Lago, n^o 4 en solo rústico de protección ordinaria e outra parte en área de tolerancia do núcleo rural de A Gándara.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes técnicos e xurídicos favorables, acorda declarar incursa en situación de fóra de ordenación a vivenda unifamiliar sita na rúa Campo do Lago, n^o 4 a nome de D. Manuel Alvarez Carrero.

PUNTO 4.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumpri-lo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1^a OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1^a ocupación non permitirá a conexión ós servicios de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servicios a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1^a ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparellador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaranse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



- 4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.
- 5.- As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condições das obras en relación coas vías e servizos públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.
- 6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.
- 7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licenza concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.
- 8.- A licenza outórgase sen prexuízo de terceiros.

A CONDUCTO CESIONIS, S.L.U., REPRESENTADO POR D. MARIANO ARRANZ RODRÍGUEZ, R.E. N.º 5.965 DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2011, E CON DOMICILIO NA AVDA. DE MADRID N.º 46-BAIXO DE XINZO DE LIMIA-C.P. 32630 (OURENSE, PARA CONSTRUCCIÓN DE "VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA BAIXO CUBERTA) SITA NA RÚA DE DONANTES DE SANGRE N.º 3, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º 4 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN UNIFAMILIAR".

PUNTO 5.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D. JOSE MANUEL RODRÍGUEZ NÚÑEZ, (RE 854 de 15/02/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de IGLESIA EVANXÉLICA E ASOCIACIÓN BENÉFICA sito na rúa Baiona, n.º 9 – local B da Guarda.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. JOSE MANUEL RODRÍGUEZ NÚÑEZ licenza municipal n.º 17/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de IGLESIA EVANXÉLICA E ASOCIACIÓN BENÉFICA situado na rúa Baiona, n.º 9-local B da Guarda.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenzia municipal promovida por D. JOSE ANTONIO TRINIDAD RODRIGUEZ, (RE 2.881 de 31/05/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de QUIOSCO DE XELADOS E BEBIDAS (EPIG. 675.1) situado na Praia do Muiño.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servizos técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a D. JOSE ANTONIO TRINIDAD RODRÍGUEZ licenzia municipal nº 18/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de QUIOSCO DE XELADOS E BEBIDAS (Epiq. 675.1) situado na Praia do Muiño.

Sendo asdoce horas e trintaminutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.